

84

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

6 ou máis participantes
60 minutos

PEGADA HISTÓRICA

COOnVIDa

Somos protagonistas de momentos históricos.

Tempos que comezan a quedar atrás, mais que han deixar en nós pegada.

Na Historia o que conta non é o que acontece, senón o que se conta do que aconteceu. Lémbra-se o que se conta. O que se lembra conta.

O que se fala existe. Por iso queremos falar.

Queremos falar con desapego, separación, con distancia, sen tensións, nin apuro, nin ansia, sen medo nin vergoña, sen pesares. Falar coma dun tempo que xa vai alá (sabendo que non se foi, nin ha de ir logo... e unha parte ha ficar sempre en nós, coma sempre).

Queremos falar con cariño. Repoñéndonos do sucedido. Aprendéndonos a ser mellores persoas. Cultura de coidados. Para facernos ben.

Queremos falar en galego, para nos saber expresar e entendermos ben, e para que a Terra na que vivimos nos entenda ben tamén...

Queremos falar da pandemia. Queremos falar da nosa vivencia.

Propoñemos facelo en 3 tempos:

O QUE PASOU

O QUE APRENDEMOS

O POUSO QUE EN NÓS PERMANECE

Pasado: lembranzas, feitos.

Presente: vivencias.

Futuro: desexos.



84

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

6 ou máis participantes
60 minutos

PEGADA HISTÓRICA

1. O QUE VIVIMOS

Conversas en pequenos grupos, grupos burbulla. Roldas consecutivas. Cando abordamos cuestións que poden ser sensibles, a orde dos factores importa moito. Un bo fluír pode ser:

1º Primeiras impresións, 2º Dificultades, os momentos duros, 3º Acabar en alto con pensamento en positivo:

- 1 - *A primeira noticia. As primeiras impresións e lembranzas...*
- 2 - *O máis difícil. Cando entendemos que non era unha broma...*
- 3 - *O máis bonito. Alegrías que tivemos, esperanzas, aprendizaxes...*

Logo da introdución a cada tema-pregunta e de convidar á reflexión individual previa a cada rolda, as conversas succédense nos pequenos grupos.

Roldas consecutivas en cada pequeno grupo.

Pódese compartir no grande grupo logo de cada tema, ou facelo só ao remate das tres roldas.

Transmitir: trasladar o esencial do que foi conversado.

Reproducir: trasladar o sentido, as sensacións e o máis sensible e especial.

Crear: compartir o froito das conversas dunha maneira creativa.

2. O QUE APRENDEMOS

Pasado e presente.

Reflexión individual. Conversas en pequenos grupos, grupos burbulla.

- Cadaquén individualmente pensa 3 aprendizaxes e cousas en positivo. (Aconsellable escribir).
- Compártense os pensamentos positivos no seo de cada pequeno grupo.
- Cada grupíño elabora conxuntamente unha lista de 7 aprendizaxes. (Escribir).

As **aprendizaxes** de cada grupíño son compartidas en plenario.

As listas de aprendizaxes visibilizan o traballo realizado, dan valor ao esforzo e resultan parangonables con outros grupíños que tamén fixeron o exercicio e realizaron tan distinto como idéntico resultado.

A Historia non é tanto o que vivimos, senón o que aprendemos.



84

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

6 ou máis participantes
60 minutos

PEGADA HISTÓRICA

Na reflexión sobre as aprendizaxes:

- *Sorprenden as aprendizaxes d@s outr@s ? Que sorprende? E logo?*
- *Que aprendemos a valorar? Que valorabamos antes e que valoramos agora?*
- *O que non queremos que suceda máis? Rexeitamento... “Estamos fart@s de...”*
- *O que si queremos que suceda. “O que queremos é...”*

3. O QUE QUEREMOS

Reflexión persoal: As persoas pensan o que queren e o que non queren nesta vida.

Expresión coral: as persoas expresan en alta voz primeiro os seus desexos de pasar páxina e logo as súas arelas de futuro.

Reflexión individual e expresión grupal, en roda e con ritmo.

Expresión oral no grande grupo, en dous tempos:

- **Esconxurar medos e desleixos:** *Estamos fart@s de...*
- **Soñar un futuro e expresar desexos en positivo:** *O que queremos é...*

Cada persoa pensa libremente as súas ideas e exprésaaas libre e ordenadamente cando lle chega a vez. Se o grupo ten tralla, pódense dar sucesivas voltas.

Unha figura de facilitador pode dar a palabra e axudar a expresar a enerxía das persoas.

Pode haber un “broche” como remate (unha alegría, unha metáfora, un conto, unha mensaxe, un baile, un agasallo, unha sorpresa, unha despedida sentida...). Idealmente, debe ter algo de catarse.

Bos e xenerosos!

Que os vosos soños se fagan realidade!

Sodes xente histórica. Protagonistas dende tan cativos, e con tanto por contar e por facer.

A vida enteira por diante. Sodes vós quen escribides e escribiredes a Historia.

Que a Bondade alumee o voso camiño.

